

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

*ORDE do 2 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, con carácter plurianual (códigos de procedemento VI432A e VI432B).*

No *Boletín Oficial del Estado* núm. 61, do 10 de marzo de 2018, publicouse o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021. No citado Real decreto establécese, no seu capítulo III, un programa de axuda ao alugamento de vivendas e, no capítulo IX, un programa de axuda á mocidade, específico para o alugamento, que ten por obxecto facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugueiro, aos mozos e mozas mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 123, do 28 de xuño de 2018, publicouse a Orde do 22 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual.

A experiencia derivada desta convocatoria, onde se puxo de manifesto a complexidade destes programas, a necesidade de garantir unha tramitación o máis áxil posible, así como a exixencia de adaptar as bases reguladoras ás guías normalizadas, xustifican que, mediante esta orde, se aproben unhas novas bases reguladoras. Entre as modificacións introducidas, cómpre salientar a necesidade de ser titular, en condición de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda no momento da presentación da solicitude para poder adquirir a condición de persoa beneficiaria das axudas contidas nesta orde. Así mesmo, prevese a posibilidade de que os efectos económicos da axuda teñan carácter retroactivo.

Con este obxectivo, tramítase esta orde, onde se conteñen as bases reguladoras destas dúas liñas de axudas de alugamento citadas e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2019, con carácter plurianual.

Esta orde axústase ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na



Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e o artigo 34 da Lei 1/1983, do 12 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

**CAPÍTULO I**  
**Disposicións xerais**

**Artigo 1. *Obxecto e réxime de concesión das axudas***

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras que rexerán a concesión (código de procedemento VI432A) e a renovación (código de procedemento VI432B) dos seguintes programas de axudas ao alugamento de vivendas, de conformidade co Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021 (en diante, Plan 2018-2021):

a) Liña A, axuda ao alugamento de vivenda: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas.

b) Liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse estas liñas de axudas para a anualidade de 2019, con carácter plurianual.

3. A concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase polo procedemento de concorrencia competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



**Artigo 2. Definicións**

Para os efectos da aplicación desta orde, os termos incluídos neste artigo interpretaranse co significado e alcance seguintes:

a) Unidade de convivencia da persoa beneficiaria: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.

b) Residencia habitual e permanente da persoa inquilina e do resto das persoas integrantes da unidade de convivencia: domicilio en que constan empadroados todos eles.

c) Persoa menor de 35 anos: aquela que na data de presentación da solicitude non teña cumprido os 35 anos.

d) Persoa maior de 65 anos: aquela que na data de presentación da solicitude teña cumprido 65 ou máis anos.

e) Familia numerosa: interpretarase de conformidade co artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas desenvolvida polo Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro.

f) Unidade familiar monoparental: interpretarase de conformidade co artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

g) Vítima de violencia de xénero: interpretarase de conformidade co artigo 1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, modificado pola disposición derradeira terceira da Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

h) Unidade de convivencia afectada por situación catastrófica: interpretarase de conformidade co artigo 2 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil.

i) Persoa con discapacidade: interpretarase de conformidade co Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.



j) Vítima do terrorismo: interpretarase de conformidade co artigo 3 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.

k) Indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM): é o indicador definido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considerarase unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

Para os efectos destas axudas, tomarase en consideración o IPREM do ano que se especifique na correspondente convocatoria.

l) Zonas territoriais, para os efectos de determinar a renda máxima das vivendas do artigo 6: son as zonas establecidas no anexo I do Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde VIV/1952/2009, do 2 de xullo, pola que se declaran os ámbitos territoriais de prezo máximo superior para o ano 2009, para os efectos do Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012.

### Artigo 3. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e demais actos administrativos realizaranse preferentemente por medios electrónicos. A persoa interesada deberá manifestar expresamente na súa solicitude a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). Non obstante, as persoas interesadas poderán comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións que se practiquen en papel tamén estarán á disposición da persoa interesada a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o IGVS practicará a notificación por calquera outro medio dos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 4. *Información ás persoas interesadas*

As persoas interesadas poderán obter documentación normalizada ou información adicional sobre esta convocatoria nas áreas provinciais do IGVS, a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou a través da páxina web do IGVS <http://igvs.xunta.gal/web/igvs/portada> e no teléfono 012 do Servizo de Atención e Información á Cidadanía.

#### Artigo 5. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o IGVS publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar ao IGVS, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



**Artigo 6. *Remisión normativa***

En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan 2018-2021; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

**CAPÍTULO II  
Bases reguladoras****Artigo 7. *Requisitos das persoas beneficiarias***

1. Poderán ser beneficiarias das axudas da liña A, axuda ao alugamento de vivenda, as persoas físicas maiores de idade que na data da presentación da solicitude cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso das persoas estranxeiras.

b) Ser titulares, en condición de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano, con mención expresa da súa referencia catastral, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, e cuxos efectos económicos sexan anteriores ao último día do prazo de presentación de solicitudes.

c) Que a vivenda arrendada constitúa a súa residencia habitual e permanente, así como da súa unidade de convivencia durante todo o período polo cal se conceda a axuda. Para estes efectos, tanto a persoa beneficiaria como as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia deben constar empadroadas na vivenda obxecto do contrato de alugamento na data da presentación da solicitude.

d) Que a renda mensual da vivenda alugada non supere os importes establecidos no artigo 10.

e) Que os ingresos das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a 2 veces o IPREM. Este límite será de 4 veces o IPREM, se a unidade de convivencia é unha familia numerosa de categoría xeral ou ten persoas cunha discapacidade distinta das sinaladas a continuación. O límite será de cinco 5 veces o IPREM



cando a unidade de convivencia sexa unha familia numerosa de categoría especial ou teña persoas con algún dos seguintes tipos de discapacidade:

i) Parálise cerebral, enfermidade mental, discapacidade intelectual ou discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

ii) Discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

f) Que os ingresos mínimos da unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,7 veces o IPREM. Para o cómputo destes ingresos non serán de aplicación os coeficientes multiplicadores previstos no artigo 12.4.

2. Poderán ser beneficiarias das axudas da liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, as persoas físicas maiores de idade que non teñan cumpridos os 35 anos na data de presentación da solicitude e cumpran o resto de requisitos sinalados no punto 1 deste artigo.

3. Non poderá concederse a axuda cando a persoa solicitante ou algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia se atope nalgunha das situacións que a continuación se indican:

a) Ser propietario ou usufrutuario dalgunha vivenda en España. Para estes efectos, non se considerará que se posúe a propiedade ou o usufruto dunha vivenda se o dereito recae unicamente sobre unha parte alícuota desta e foi obtido por herdanza ou transmisión *mortis causa* sen testamento. Exceptuaranse deste requisito as persoas que, sendo titulares dunha vivenda, acrediten a non dispoñibilidade dela por causa de separación, divorcio ou por calquera outra causa allea á súa vontade ou cando a vivenda resulte inaccesible por razón de discapacidade da persoa solicitante ou dalgún membro da súa unidade de convivencia.

b) Ter parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa arrendadora da vivenda.

c) Ser socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.

d) Ser inquilina dunha vivenda xestionada polo IGVS ou por calquera Administración pública.



e) Ter sido beneficiaria das axudas de calquera das dúas liñas deste programa ao abeiro de convocatorias anteriores realizadas con financiamento do Plan 2018-2021. Exceptúanse deste suposto as persoas que xa non forman parte da unidade de convivencia da persoa beneficiaria da axuda.

f) Non atoparse ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

g) Estar incurso nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e/ou no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como ser obxecto dunha resolución de revogación ou reintegro dunha axuda deste plan de vivenda ou doutro anterior, por causa imputable a algunha das persoas integrantes da unidade de convivencia.

#### Artigo 8. *Participación nas liñas de axuda*

1. No momento de cubrir a súa solicitude, a persoa interesada deberá optar por unha das dúas liñas de axuda previstas nesta orde. No caso de que seleccione as dúas liñas a axuda tramitarase pola liña A. No caso de que non se seleccione ningunha das dúas liñas, a solicitude non será admitida a trámite, ao ser un campo de obrigada formalización.

2. Só se admitirá unha única solicitude por cada unidade de convivencia. No caso de presentar máis dunha solicitude, só se tramitará a primeira das presentadas, téndose por inadmitidas todas as demais.

3. No caso de contratos de alugamento asinados por máis dunha persoa da unidade de convivencia, só se poderá conceder unha única axuda polo dito contrato.

#### Artigo 9. *Contía das axudas*

1. A contía da axuda para a liña A será do 40 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento. Non obstante, para as persoas beneficiarias que na data de presentación da solicitude teñan máis de 65 anos, esta axuda será do 50 % da renda mensual que se satisfaga polo alugamento.

2. A contía da axuda para a liña B será do 50 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.





3. Tanto na liña A como na liña B, a contía da axuda recoñecida na resolución de concesión determinarase en función da renda establecida no contrato, sen que en ningún caso poida ser aumentada, aínda que a citada renda se incremente ao longo da duración do contrato.

4. Se na renda do contrato de alugamento se inclúsen os gastos de comunidade e os seus custos non estivesen desagregados, figurando no contrato unicamente o importe global, para os efectos da determinación da subvención valorarase o importe dos gastos de comunidade como un 5 % do importe da renda e descontarase do seu total para aplicarlle a porcentaxe de subvención do 40 % ou 50 %, segundo corresponda.

Así mesmo, se no contrato de alugamento se inclúsen anexos, como garaxes ou rochos, e o prezo de cada un deles non estivese desagregado, figurando no contrato unicamente o importe global, para os efectos da determinación da subvención valorarase o importe da vivenda como o 80 % do total da renda, cando esta inclúa vivenda e garaxe, 95 % cando se inclúa vivenda e rocho, e 75 % cando se inclúa vivenda, garaxe e rocho.

#### Artigo 10. *Renda das vivendas*

A renda mensual da vivenda obxecto do contrato de alugamento non poderá superar os seguintes importes, dependendo do concello en que estea situada:

Zona territorial	Importe da renda mensual de alugamento	Concellos
Prezo máximo superior	500 €	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Zona territorial 1	400 €	Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontecareas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
Zona territorial 2	300 €	O resto de concellos de Galicia



Non obstante o anterior, estes límites poderán incrementarse ata un 20 %, no caso de que as persoas inquilinas sexan membros de familias numerosas e estean todos eles empadroados nesa vivenda ou sexan integrantes dunha unidade de convivencia que precise unha vivenda adaptada para algún dos seus membros.

Para determinar se a renda dunha vivenda se atopa dentro dos límites establecidos neste artigo aplicaranse, de ser o caso, as reducións establecidas no artigo 9.4.

#### Artigo 11. *Cómputo dos ingresos da unidade de convivencia para acceder ás axudas*

Para a determinación dos ingresos da unidade de convivencia serán tidas en conta o importe da base imponible xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas (en diante, IRPF), correspondente á declaración ou declaracións presentadas pola persoa solicitante e por cada unha das persoas integrantes da unidade de convivencia, relativa ao período impositivo que se defina na correspondente convocatoria.

De non dispoñer da correspondente declaración ou de percibir algunha das rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, deberanse declarar os ingresos no anexo de solicitude e achegar a correspondente xustificación documental no suposto de opoñerse á súa consulta.

#### Artigo 12. *Criterios obxectivos de outorgamento da axuda*

1. A contía dos ingresos da unidade de convivencia convertirase a número de veces o IPREM.

2. Para os efectos da concesión da axuda, os ingresos da unidade de convivencia deberán ser inferiores ao límite máximo de ingresos da unidade de convivencia (LIUC) previsto no punto seguinte. O citado límite de ingresos virá determinado pola composición da unidade de convivencia.

3. O LIUC expresarase en número de veces a contía anual do IPREM e non poderá ser superior as tres veces o citado índice, salvo os supostos especificados no artigo 7.1.e); o LIUC determinarase conforme as seguintes regras:

– Se a unidade de convivencia está composta por unha soa persoa, computa 1,5 veces o IPREM.



– Se a unidade de convivencia está composta por dúas ou máis persoas, a primeira persoa computa 1,5 veces o IPREM e cada persoa adicional 0,5 veces o IPREM.

4. A prioridade das solicitudes determinarase en función do maior resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$1 - IUC/CLIUC$$

Sendo:

IUC = ingresos, en euros, da unidade de convivencia.

Para os efectos do cálculo do IUC, no caso de familias numerosas de categoría xeral ou de persoas con discapacidade, a contía dos ingresos multiplicarase polo coeficiente 0,75. No caso de familias numerosas de categoría especial ou de persoas coas discapacidades dos tipos i) ou ii) especificadas no artigo 7.1.e), o coeficiente que se debe utilizar será de 0,60.

CLIUC = contía, en euros, do límite máximo de ingresos da unidade de convivencia que permite o acceso á axuda, no suposto de que non existisen os límites en número de veces o IPREM recollido no artigo 7.

5. No caso de empate, terán preferencia os seguintes colectivos:

- Familias numerosas.
- Unidades familiares monoparentais con cargas familiares.
- Persoas que fosen obxecto dunha execución hipotecaria da súa vivenda habitual ou que a tivesen entregado en pagamento da débeda.
- Unidades de convivencia en que exista algunha vítima de violencia de xénero.
- Unidades de convivencia en que algunha persoa asuma a patria potestade, tutela ou acollemento familiar permanente dalgún menor orfo por violencia de xénero.
- Unidades de convivencia afectadas por situacións catastróficas.
- Unidades de convivencia que contén con algún membro con discapacidade.



– Unidades de convivencia en que estean integradas persoas que sufrisen danos incapacitantes como consecuencia da actividade terrorista, o/a cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, durante os dous anos anteriores, de vítimas falecidas en actos terroristas, as/os súas fillas/os e as/os fillas/os das persoas incapacitadas, así como as ameazadas como consecuencia do dito feito.

6. Se as solicitudes presentadas nunha convocatoria, que cumpran o sinalado neste artigo, fosen inferiores ao número de axudas que puidesen ser concedidas conforme o crédito orzamentario habilitado, poderán resultar beneficiarias aquelas persoas solicitantes cuxas unidades de convivencia teñan ingresos que non superen 2 veces o IPREM, priorizándose o seu acceso coa fórmula que figure neste artigo.

#### Artigo 13. *Duración das axudas*

1. As axudas de ambas as dúas liñas concederanse por un prazo máximo de 3 anos e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2021, prazo de remate da vixencia do Plan 2018-2021. Non obstante, para poder desfrutar das anualidades do segundo e terceiro ano deberá solicitarse a renovación anual no prazo que se sinale na resolución de concesión da axuda inicial ou, de ser o caso, da primeira renovación. Para estes efectos, deberase achegar documentación especificada no artigo 18.

2. O recoñecemento do dereito da axuda poderá ter carácter retroactivo, nos termos que se determinen en cada convocatoria.

#### Artigo 14. *Forma e lugar de presentación de solicitudes*

1. A solicitude realizarase mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I a esta resolución, que está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Deberá dirixirse á Dirección Técnica de Fomento do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS).

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e na páxina web do IGVS (<http://igvs.xunta.gal/web/igvs/portada>).

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. No modelo de solicitude constan como de obrigada formalización varios campos, os cales deben estar cubertos no momento da súa presentación. Aquelas solicitudes que sexan presentadas sen formalizar os citados campos obrigatorios non serán admitidas a trámite.

5. No modelo de solicitude, a persoa solicitante realizará as seguintes declaracións:

a) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida á persoa solicitante ou a calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia para a mesma finalidade.

c) Declaración responsable de que a persoa solicitante é titular dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, situado nun concello de Galicia e que a vivenda obxecto do contrato constitúe o seu domicilio habitual e permanente.

d) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dunha vivenda situada no territorio nacional, agás os supostos exceptuados no artigo 7.3.a).

e) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia ten parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata o segundo grao, coa persoa arrendadora.

f) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.



g) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é inquilina de vivendas xestionadas polo IGVS ou por calquera Administración pública.

h) Declaración responsable de que nin á persoa solicitante nin a ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia se lle teña revogada ou fose obxecto dunha resolución de reintegro dunha axuda deste plan de vivenda ou doutro anterior por causa que lle sexa imputable.

i) Declaración responsable de que a persoa solicitante ou algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia non foi beneficiaria das axudas de calquera das dúas liñas deste programa ao abeiro de convocatorias anteriores realizadas con financiamento do Plan 2018-2021, agás o suposto exceptuado no artigo 7.3.e).

j) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

k) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

l) Declaración responsable de que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

m) Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son certos.

6. A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das bases reguladoras.

#### Artigo 15. *Documentación necesaria para a tramitación do procedemento*

1. Coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo



normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>

b) Contrato de alugamento da vivenda, cunha duración mínima dun ano, con mención expresa da súa referencia catastral, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

c) Xustificante de empadramento conxunto de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia, expedido dentro dos tres meses anteriores á data da presentación da solicitude. As persoas integrantes desta unidade de convivencia deben constar empadroadas na vivenda obxecto do contrato de alugamento na data da presentación da solicitude.

d) Anexo II, de declaración responsable das persoas integrantes da unidade de convivencia da persoa solicitante e comprobación dos datos necesarios para a tramitación do procedemento, no caso de que a unidade de convivencia estea integrada por máis dunha persoa.

No caso de que unha unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar, deberase cubrir un modelo de anexo II por cada unha delas.

e) Documentación xustificativa dos ingresos percibidos pola unidade de convivencia, no caso de non presentar declaración do IRPF ou percibir algunha das rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, acompañada da seguinte documentación:

– Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.

– Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo INSS.

– Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.

– Certificado da contía percibida pola renda de integración social de Galicia.



f) No caso de ingresos obtidos no estranxeiro, copia da declaración similar á do IRPF, autenticada pola correspondente delegación consular e, de ser o caso, o certificado acreditativo de equivalencia en euros do importe declarado.

g) De ser o caso, convenio regulador de nulidade, separación ou divorcio, ou sentenza que acredite que a persoa solicitante non ten o uso da vivenda familiar, así como a documentación acreditativa de estar ao día no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias, se for o caso, no caso das persoas separadas ou divorciadas.

h) No caso de familias numerosas, título de familia numerosa, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.

i) Certificado de discapacidade da persoa solicitante e/ou das persoas que integran a súa unidade de convivencia, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.

2. As solicitudes que no momento da súa presentación non vaian acompañadas dos documentos sinalados nas letras b), c) e d) do punto 1 deste artigo quedarán automaticamente inadmitidas.

3. Aquelas persoas que na solicitude indiquen que pertencen a algún dos colectivos preferentes especificados no artigo 12.5, deberán achegar a documentación xustificativa da circunstancia que lle é de aplicación, soamente cando lle sexa requirida pola Administración no caso de empate na puntuación que resulta da fórmula prevista no artigo 12 destas bases reguladoras.

4. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo foron presentados. Presumirase que o acceso a estes documentos é autorizado polas persoas interesadas, salvo que conste neste procedemento a súa oposición expresa.

5. No suposto de que exista a imposibilidade material de obter o documento, o órgano instrutor poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos contidos a que se refire o documento.

#### Artigo 16. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. As persoas interesadas responsabiliza-





rarse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o IGVS poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo coa copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solitude e o número de expediente, se dispón del.

3. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e cos datos indicados no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 17. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente, de ser o caso, os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) da persoa solicitante e, de ser o caso, da súa persoa representante, así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia e da/s persoa/s arrendadora/s da vivenda.

b) Número de identificación fiscal da entidade representante da persoa solicitante.

c) Número de identificación fiscal da entidade arrendadora que figura no anexo III, de compromiso de someterse ás condicións do programa, no caso de que sexa unha persoa xurídica.

d) Certificado de empadramento da persoa solicitante, así como das persoas que integran a unidade de convivencia.



e) Certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT), da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, correspondentes á persoa solicitante e ás persoas que integran a unidade de convivencia.

f) Certificado da renda expedido pola AEAT, da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia, correspondente aos datos fiscais que se establezan en cada convocatoria.

g) Certificado do nivel de renda expedido pola AEAT, da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia, correspondente aos datos fiscais que se establezan en cada convocatoria.

h) Datos catastrais correspondentes á persoa solicitante e ás persoas que integran a súa unidade de convivencia.

i) Certificación de titularidade de bens inmobles da Dirección Xeral do Catastro, onde conste que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da unidade de convivencia teñen en usufruto ou en propiedade outra vivenda en territorio español.

j) Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal e maternidade do Instituto Nacional da Seguridade Social, da persoa solicitante así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia.

k) Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia, da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia.

l) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas da persoa solicitante e dos restantes membros da unidade de convivencia que figuren no anexo II.

m) Consulta de concesión de subvencións e axudas da persoa solicitante e dos restantes membros da unidade de convivencia que figuren no anexo II.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitud que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

n) Permiso de residencia legal da persoa solicitante, cando sexa estranxeira.



o) Certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

p) Importes das prestacións de desemprego percibidas pola persoa solicitante, así como polas persoas que integran a súa unidade de convivencia.

q) Título autonómico de familia numerosa da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia.

r) Certificado acreditativo da discapacidade, da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia, para o suposto de que o documento deba ser expedido pola Xunta de Galicia.

2. No caso de que a persoa solicitante, calquera das persoas que integran a súa unidade de convivencia e/ou a persoa arrendadora se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado nos anexos I, II, III e IV, respectivamente, e achegar os devanditos documentos.

3. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselle solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 18. *Renovación da subvención*

1. Todas as persoas que resulten beneficiarias das liñas de axudas previstas nesta orde e que non perdesen o dereito mediante a oportuna resolución poderán renovala anualmente, ata acadar unha duración máxima de tres anos. Para tal efecto, deberán presentar, no prazo que se sinala na correspondente resolución de concesión da axuda inicial ou da primeira renovación, o anexo IV, de solicitude de renovación, acompañado da seguinte documentación (código de procedemento VI432B):

a) Anexo II, de declaración responsable das persoas integrantes da unidade de convivencia da persoa solicitante e comprobación dos datos necesarios para a tramitación do procedemento, no caso de que a unidade de convivencia estea integrada por máis dunha persoa.

No caso de que unha unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar, deberá cubrir un modelo de anexo II por cada unha delas.



b) Declaración da persoa arrendadora da vivenda de que a persoa inquilina non ten ningunha reclamación pendente por falta de pagamento das rendas e/ou das subministracións.

c) De ser o caso, declaración formalizada polas/os asinantes do contrato de alugamento de que este se prorrogará nas mesmas condicións.

2. A comprobación dos datos necesarios para a tramitación do procedemento de renovación efectuarase de conformidade co previsto no artigo 17 desta orde.

3. No momento de renovación da axuda, a persoa beneficiaria deberá cumprir os requisitos comúns previstos no artigo 7 desta orde. A contía da axuda renovada será a mesma que a que se viña percibindo, sen prexuízo do seu reaxuste, para o caso de cambio de domicilio, conforme o artigo 27.

4. Para os efectos de determinar o cumprimento dos requisitos no momento da renovación anual das axudas, utilizaranse o IPREM e os datos fiscais correspondentes ao último período impositivo con prazo de presentación vencido.

#### Artigo 19. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento*

1. A instrución do procedemento de concesión das axudas é competencia da Dirección Técnica de Fomento do IGVS. A tramitación da concesión das súas prórrogas será competencia das áreas provinciais do IGVS onde estea situada a vivenda obxecto do contrato.

2. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas.

#### Artigo 20. *Procedemento de concesión e requirimentos de emenda*

1. O procedemento iníciase de oficio, en réxime de concorrencia competitiva, mediante a publicación da correspondente convocatoria.

2. O prazo de presentación de solicitudes será o establecido na correspondente convocatoria.

3. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez (10) días hábiles a emende ou achegue os documentos



preceptivos, advertíndoa de que, no caso de non atender o requirimento, considerárase que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante o anterior, aquelas solicitudes que sexan presentadas sen cubrir os campos obrigatorios determinados no correspondente anexo non serán admitidas a trámite. Tampouco serán admitidas a trámite as solicitudes que non vaian acompañadas coa documentación sinalada no artigo 15.2.

4. De conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda publicaranse na páxina web do IGVS e mediante anuncio no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Poderanse enviar mensaxes ás persoas interesadas ao teléfono móbil e correo electrónico avisando destas publicacións. Para estes efectos, as persoas solicitantes deberán indicar no anexo de solicitude un teléfono móbil e/ou un correo electrónico de contacto para recibir as ditas comunicacións.

5. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, a persoa solicitante poderá ser requirida para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. O órgano instrutor avaliará as solicitudes presentadas en prazo e que estean completas, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos. Posteriormente, emitirá un informe por cada unha das dúas liñas de axudas, en que se valorará o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de persoa beneficiaria, procedendo, acto seguido, a ordenar as solicitudes de maior a menor puntuación, segundo a aplicación do criterio de prelación previsto no artigo 12.

7. Á vista da proposta do órgano instrutor e dos recursos económicos dispoñibles, a persoa titular da Dirección Técnica de Fomento do IGVS elaborará unha relación de todas as solicitudes, ordenada en función do maior resultado de aplicar a fórmula referida no artigo 12, con indicación da axuda que lle corresponde, de acordo co establecido no artigo 33.5 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e elevará as propostas de resolución ao órgano concedente.



8. O órgano concedente resolverá en función do crédito dispoñible na convocatoria.

9. De conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as resolucións de denegación das axudas solicitadas poderán publicarse na páxina web do IGVS [www.igvs.xunta.gal](http://www.igvs.xunta.gal), logo da publicación desta circunstancia no DOG.

#### Artigo 21. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 22. *Resolución e recursos*

1. A resolución estimará, desestimarán ou declarará a inadmisión da axuda ao alugamento. A resolución de concesión indicará a contía da axuda, a súa duración, os seus efectos económicos, así como a súa forma de xustificación e o prazo en que deberá solicitarse a súa renovación. Os efectos da resolución estimatoria estarán condicionados a que a persoa beneficiaria achegue o anexo III, de aceptación das condicións do programa, no prazo de dez (10) días, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión.

Ademais, deberá achegar no mesmo prazo os recibos bancarios xustificativos do pagamento das mensualidades da renda de alugueiro anteriores á data da resolución, de conformidade co que se estableza en cada resolución de convocatoria.

2. O prazo para resolver e notificar a concesión das axudas e das súas prórrogas será de cinco (5) meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. Contra a resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.



**Artigo 23. *Modificación da resolución***

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, a falla de apreciación de todos os elementos integrantes do expediente de concesión ou, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións, fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación.

2. A modificación ou revogación da resolución de concesión acordarase a través dunha nova resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS. De ser o caso, comunicarlle á persoa beneficiaria a obriga de devolver as cantidades anteriormente percibidas en concepto de subvención.

**Artigo 24. *Causas de denegación***

1. Será causa de denegación da solicitude de subvención o incumprimento dalgúns dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo. En particular, serán denegadas aquelas solicitudes en que as datas de alta na vivenda obxecto do contrato, que figuren no certificado de empadramento conxunto ou se obtengan da consulta de datos, sexan posteriores á data de solicitude ou aquelas outras en que as persoas que figuran como integrantes da unidade de convivencia da persoa solicitante nos anexos I e/ou II non consten no citado certificado de empadramento.

2. Tamén serán denegadas aquelas solicitudes que non dispoñan de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución.

**Artigo 25. *Xustificación da subvención***

A xustificación pola persoa inquilina do pagamento da rendas mensuais do contrato de alugamento realizarase de conformidade co establecido na correspondente convocatoria anual.

**Artigo 26. *Pagamento da subvención***

A subvención aboarase de conformidade co establecido na correspondente convocatoria anual.



**Artigo 27. *Cambio de domicilio***

1. Se durante a vixencia da concesión inicial ou das sucesivas renovacións, a persoa beneficiaria da axuda cambia o seu domicilio dentro da Comunidade Autónoma de Galicia e subscribe un novo contrato de alugamento de vivenda quedará obrigada a comunicar o dito cambio á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda do contrato anterior. A comunicación deberá facerse no prazo máximo de cinco (5) días, contados desde a sinatura do novo contrato de alugamento, debendo achegar o citado contrato, con indicación expresa da súa referencia catastral, o certificado de empadramento conxunto de toda a unidade de convivencia na vivenda obxecto do novo contrato e unha declaración responsable asinada pola persoa arrendadora do anterior contrato de alugamento de que a persoa inquilina non ten ningunha reclamación pendente por non pagamento das rendas e/ou das subministracións.

2. O cambio de domicilio non suporá a perda do dereito á subvención, sempre que co novo alugamento se cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, na correspondente convocatoria, no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo e, ademais, o novo contrato de alugamento sexa sucesivo no tempo co anterior.

3. O importe da subvención axustarase á contía do novo contrato de alugamento sen que, en ningún caso, poida recibir máis subvención da que viña percibindo.

**Artigo 28. *Obrigas das persoas beneficiarias***

Ademais das recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas:

1. Acreditar o pagamento da renda, conforme o previsto nestas bases reguladoras.
2. Permitirlle ao IGVS a realización das inspeccións ou as comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida.
3. Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboan as subvencións.
4. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.





5. As demais obrigas que se derivan desta orde.

#### Artigo 29. *Perda e reintegro da subvención*

1. Serán causa de perda e posterior reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o incumprimento das obrigas recollidas no artigo anterior, así como a falta de xustificación ou a falsidade no pagamento das rendas á persoa arrendadora da vivenda e a resolución do contrato de alugamento. Así mesmo, poderá ser causa de perda e posterior reintegro da subvención a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.

2. O incumprimento ou a falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida, incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis o 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 xuño, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

3. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, de ser o caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 xuño.

#### Artigo 30. *Compatibilidade e incompatibilidade*

1. Estas axudas serán compatibles cos supostos excepcionais en que a Comunidade Autónoma, os municipios, outras entidades públicas, organizacións non gobernamentais ou asociacións acheguen unha axuda para esa mesma finalidade a persoas beneficiarias en situacións de especial vulnerabilidade. Así mesmo, estas axudas serán compatibles coa percepción de prestacións non contributivas da Seguridade Social.

En ningún caso o importe da subvención concedida en virtude desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade por calquera Administración ou ente público ou privado, supere o custo da actividade subvencionada.

2. De conformidade co artigo 13 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, estas axudas serán incompatibles con percepcións da renda básica de emancipación, coas subvencións



procedentes do Programa do bono de alugueiro social, con calquera outra axuda para o pagamento do alugamento prevista no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e coas que, para esa mesma finalidade, poida conceder a Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra administración ou entidade pública. Tampouco poderán ser beneficiarias destas liñas de axudas as persoas inquilinas de vivendas de promoción pública xestionadas polo IGVS ou por calquera Administración pública.

3. As persoas beneficiarias das axudas previstas nesta orde non as poderán continuar percibindo no caso de que se lles conceda a axuda para a adquisición de vivenda habitual e permanente localizada nun concello de menos a 5.000 habitantes, prevista no artigo 56 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, ou algunha outra axuda para a adquisición de vivenda convocada por calquera Administración pública. Neste caso, declararase a perda automática do dereito á axuda ao alugamento desde a data de notificación da resolución de concesión da citada axuda de adquisición.

### CAPÍTULO III

#### **Convocatoria con financiamento no ano 2019**

##### Artigo 31. *Obxecto*

A convocatoria para solicitar as subvencións da liña A, axuda ao alugamento de vivenda, e para a liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, rexerese polo establecido nesta orde.

##### Artigo 32. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

##### Artigo 33. *Crédito orzamentario*

1. As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451B.480.6, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia



para 2019, con carácter plurianual, por un importe total de 10.500.000 euros, distribuído nas seguintes liñas e anualidades:

Liñas de axudas	Aplicación	Importe 2019 (€)	Importe 2020 (€)	Importe 2021 (€)	Total (€)
Liña A. Axuda ao alugamento de vivenda	07.83.451B.480.6	2.000.000	2.000.000	2.000.000	6.000.000
Liña B. Axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente	07.83.451B.480.6	1.500.000	1.500.000	1.500.000	4.500.000
Total		3.500.000	3.500.000	3.500.000	10.500.000

2. A concesión das axudas estará supeditada ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, no marco do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

3. A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación por resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, que terá efecto logo da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Se se desestimases solicitudes por falta de orzamento e, con posterioridade á emisión da resolución, se incrementasen os créditos destinados ao financiamento das ditas axudas ou se liberase parte do crédito dispoñible inicialmente, por renuncia da persoa adxudicataria ou por non ter achegado a preceptiva xustificación en prazo, o órgano instructor poderá propoñer a concesión da subvención ás solicitudes que se desestimases por falta de crédito orzamentario, segundo a orde de prioridade establecida no artigo 12 e sempre e cando se liberase crédito suficiente para atender, cando menos, unha das solicitudes desestimadas.

5. En relación co punto anterior, se nun dos programas non se esgota o crédito dispoñible para o financiamento das axudas, a parte do crédito restante poderá destinarse a atender as solicitudes doutro programa que fosen desestimadas por falta de orzamento.

#### Artigo 34. *Datos fiscais e valor do IPREM para a concesión das axudas*

Os datos fiscais que se avaliarán nesta convocatoria para a concesión inicial das axudas corresponderán ao exercicio económico 2018. Para a valoración das solicitudes utilizarase o valor do IPREM dese mesmo ano.



**Artigo 35. *Retroactividade das axudas***

1. De conformidade co previsto no artigo 9 das bases reguladoras, estas axudas terán carácter retroactivo nos seguintes termos:

– Naqueles casos en que se dispoña dun contrato con efectos económicos anteriores a 1 de xaneiro de 2019, a axuda terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2019.

– Para os contratos asinados entre o 1 de xaneiro de 2019 e a data de presentación da solicitude, a axuda terá efectos desde a data en que comecen os efectos económicos do contrato.

**Artigo 36. *Xustificación dos pagamentos mensuais***

1. A xustificación dos pagamentos das rendas mensuais desta convocatoria realizaranse do seguinte xeito:

– A xustificación do pagamento da renda das mensualidades anteriores á data de notificación da resolución de concesión e que estean dentro do prazo de retroactividade previsto na presente convocatoria deberase realizar dentro dos dez primeiros días, contados desde o día seguinte ao da notificación da citada resolución.

– As xustificacións dos pagamentos mensuais posteriores á notificación da resolución de concesión e ata o mes de maio de 2020, incluído, deberase realizar dentro dos dez primeiros días naturais do correspondente mes.

Nun e noutro caso, a remisión da citada xustificación realizarase empregando o modelo normalizado que para a presentación de documentación xustificativa está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, coa achega do extracto ou o certificado bancario acreditativo do pagamento. Non obstante, tamén se admitirán, para os efectos sinalados os extractos ou certificados bancarios realizados por empresas mediadoras ou inmobiliarias a favor da persoa arrendadora, onde quede acreditado o importe do ingreso e o seu concepto, así como os extractos ou certificados bancarios realizados pola persoa inquilina a empresas mediadoras ou inmobiliarias, sempre que se achegue un documento da persoa arrendadora autorizando a recepción dos pagamentos nesa conta bancaria dos pagamentos mensuais ou figure no propio contrato de alugamento como forma de pagamento da renda. En ningún caso se admitirán como xustificación os recibos de pagamentos realizados en metálico.



– A partir de xuño de 2020, incluído, a xustificación do pagamento da renda mensual deberase realizar mediante o ingreso na conta bancaria do IGVS designada na resolución de concesión, dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes, do importe da renda mensual de alugamento, unha vez descontada a contía mensual da subvención concedida.

Comprobado o ingreso realizado pola persoa inquilina, o IGVS procederá ao pagamento íntegro da renda á persoa titular da vivenda dentro da última quincena de cada mes, mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola persoa arrendadora no anexo III.

2. A falta de xustificación do pagamento da renda ou, de ser o caso, a falta de pagamento da renda dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior determinará a perda do dereito á subvención da correspondente mensuralidade, sen que iso exima a persoa inquilina da súa responsabilidade de pagamento da renda.

#### Artigo 37. *Pagamento da subvención*

1. Ata o mes de maio de 2020, incluído, o ingreso da subvención realizarase unha vez xustificado o correspondente pagamento da renda mensual, mediante transferencia bancaria na conta de titularidade da persoa beneficiaria da subvención sinalada para estes efectos no anexo III.

2. A partir do mes de xuño de 2020, incluído, o ingreso da subvención realizarase na conta de titularidade da persoa arrendadora indicada no anexo III, de conformidade co disposto no artigo anterior.

Disposición adicional primeira. *Información básica sobre protección de datos de carácter persoal*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemen-



to incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición adicional segunda. *Habilitación para o desenvolvemento*

Habilitase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisos para a xestión destas axudas.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019

Ángeles Vázquez Mejuto  
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E VIVENDA

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021	<b>VI432A</b>	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR			<input type="text"/>			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	DATA DE NACEMENTO			<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE	
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.	
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).	
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.	
TIPO	NOME DA VÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS DA PERSOA SOLICITANTE (INQUILINO/A DA VIVENDA)	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/>

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: isresok3-uyv2-cim9-vjz9-zbjfemiwz6v5


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E VIVENDA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**LIÑA DE AXUDA SOLICITADA.** (De conformidade coas bases reguladoras estes campos específicos deben cubrirse na presentación da solicitude. Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes que se presenten sen cubrir estes campos obrigatorios. **Debe optar por unha das dúas liñas de axuda**)

 **LIÑA A. AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA**
 Idade: entre 18 e 64 anos       Idade: 65 anos ou máis

 Importe da renda mensual do contrato de alugamento: 

(sen incluír outros gastos como os de comunidade, impostos ou anexos como garaxe e/ou rocho de conformidade co previsto nas bases reguladoras)

 **LIÑA B. AXUDA Á MOCIDADE PARA O ALUGAMENTO DE VIVENDA HABITUAL E PERMANENTE**

 Importe da renda mensual do contrato de alugamento: 

(sen incluír outros gastos como os de comunidade, impostos ou anexos como garaxe e/ou rocho de conformidade co previsto nas bases reguladoras)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. A composición e os ingresos da miña unidade de convivencia é a seguinte. (Serán denegadas aquelas solicitudes en que as persoas que figuran como integrantes da unidade de convivencia neste anexo e/ou no anexo II non consten no certificado de empadramento conxunto). Se a unidade de convivencia está integrada só pola persoa solicitante non é necesario achegar o citado anexo II.

Nome e apelidos	NIF (3)	Menor de idade	Indicar: persoa solicitante ou parentesco coa persoa solicitante	Procedencia e contía das rendas		
				Realicei declaración do IRPF no ano 2018 (1)	Tipo de ingreso (2)	Contía neta anual
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		

(1) No caso de que a persoa integrante da unidade de convivencia realizase declaración do IRPF deberá asinar a autorización do anexo II para consultarlle os datos. No caso de que a declaración do IRPF sexa conxunta deberá indicalo no recadro correspondente. Só se computará o importe dos recadros da base imponible xeral e da base imponible do aforro da declaración do IRPF que sexan facilitados pola AEAT, agás que perciba algunha das rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, de conformidade co previsto na orde pola que se establecen as bases reguladoras. Neste caso deberá achegarse a correspondente documentación xustificativa.

(2) Tipos de ingresos. Deberase achegar a correspondente documentación xustificativa.

- Rendementos do traballo
- Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario
- Rendementos das actividades económicas
- Ingresos de natureza prestacional (prestacións, subsidios ou pensións)
- Ingresos por rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei do IRPF

(3) Se non se especifica o NIF ou o NIE dalgunha das persoas integrantes da unidade de convivencia esa persoa non será computada como membro da unidade de convivencia para os efectos do cálculo do LIUC previsto na orde pola que se establecen as bases reguladoras.






**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E VIVENDA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)**

2. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña desta ou doutras administracións públicas ou de calquera outra entidade pública ou privada, a partir da data desta declaración.

3. Que a miña situación se inclúe nalgún dos seguintes sectores preferentes, de ser o caso:

- Familias numerosas
- Unidades familiares monoparentais con cargas familiares
- Persoas que fosen obxecto dunha execución hipotecaria da súa vivenda habitual ou que a tivesen entregado en pagamento da débeda
- Unidades de convivencia en que exista algunha vítima de violencia de xénero
- Unidades de convivencia en que algunha persoa asuma a patria potestade, tutela ou acollemento familiar permanente dalgún menor orfo por violencia de xénero
- Unidades de convivencia afectadas por situacións catastróficas
- Unidades de convivencia que contén con algún membro con discapacidade
- Vítimas do terrorismo

4. Que é titular dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, situado nun concello de Galicia e que a vivenda obxecto do contrato constitúe o seu domicilio habitual e permanente.

5. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dunha vivenda situada no territorio nacional, agás os supostos exceptuados no artigo 7.3.a).

6. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia ten parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata o segundo grao, coa persoa arrendadora.

7. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.

8. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é inquilina de vivendas xestionadas polo IGVS ou por calquera Administración pública.

9. Que nin á persoa solicitante nin a ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia, lle foi revogada, ou foi obxecto dunha resolución de reintegro dunha axuda, deste plan de vivenda ou doutro anterior por causa que lle sexa imputable.

10. Que a persoa solicitante ou algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia non foi beneficiaria das axudas de calquera das dúas liñas deste programa ao abeiro de convocatorias anteriores realizadas con financiamento do Plan 2018-2021, agás o suposto exceptuado no artigo 7.3.e).

11. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

12. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13. Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

